



CONCELLO DE OURENSE TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO

MEMORIA 2012

Como nos exercizos anteriores, e dentro do seguinte trimestre ó remate do ano, preséntase este documento co fin de resumir e pór en coñecemento xeral o traballo desenvolvido polo Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Ourense durante o ano 2012, no exercizo das funcións que lle competen, fixadas no seu Regulamento, aprobado polo Pleno do Concello de Ourense de 6 de maio de 2005.

O labor desenvolvido polo Tribunal no pasado exercizo caracterizouse pola continuidade na aplicación dos criterios asentados previamente e a incorporación dos que xurden da resolución de novas controversias plantexadas ante o mesmo, cón obxectivo sempre de garantir a legalidade e eficacia das actuacións municipais en materia de tributos locais e demais ingresos de dereito público, así como a seguridade xurídica dos cidadáns e entidades da cidade de Ourense.

Considérase oportuno mencionar nesta Memoria como novo criterio que integra a doutrina do Tribunal, reflexado en numerosas resolucións emitidas durante o pasado ano, o relativo á non aceptación das solicitudes de devolución de ingresos indebidos daquelas liquidacións tributarias firmes pagadas polo Imposto sobre Bens Inmóveis nos exercizos previos á anulación definitiva do PXOM do ano 2003 por Sentenza do Tribunal Supremo de 9 de marzo de 2011, denegación derivada xustamente da intanxibilidade xurídica desas liquidacións, consecuencia da súa firmeza.

A actividade, en cifras, exercida polo Tribunal no 2012 resúmese nas estatísticas que se adxuntan a continuación, distinguíndose un cadro resumo global, un relativo ós acordos adoptados nas reclamacións económico-administrativas, unha clasificación por conceptos e outra segundo o período de recadación das débedas.

CADRO I. RESUMO GLOBAL DO 2012

TOTAL EXPEDIENTES TRAMITADOS	180
RECLAMACIÓNS REXISTRADAS	248
RECLAMACIÓNS RESOLTAS	170
DITAMES	1
INFORMES	9
RECLAMACIÓNS PTES. RESOLUCIÓN	129
RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS	16

- As reclamacións económico-administrativas presentadas no 2012 ascenderon a 248, fronte ás 133 do exercizo anterior.
- O número total de expedientes tramitados no exercizo das competencias do Tribunal acadou os 180, integrando nesta cifra as reclamacións económico-administrativas resoltas, os ditames emitidos sobre os proxectos de modificación das ordenanzas fiscais



CONCELLO DE OURENSE TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO

e os informes elaborados a petición da Recadación Municipal consecuencia de procedementos concursais.

- As reclamacións resoltas recollidas no cadro I, incorporan as tramitadas ata o 20 de decembro de 2012, e corresponden ás presentadas no exercizo 2011 e 2012 co seguinte detalle:

2011	2012	TOTAL RESOLTAS
51	119	170

- Na cifra total de reclamacións resoltas inclúense as pezas separadas de suspensión solicitadas ó Tribunal.

CADRO II. RECLAMACIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS

	TOTAL RECLAMACIÓNS	%
ESTIMACION TOTAL	21	12,4
ESTIMACION PARCIAL	9	5,3
DEESTIMACION	85	50
ARQUIVO SATISFACCION EXTRAPROCESAL	5	2,9
INADMISIBILIDADE	50	29,4

- A forma de dar fin ás reclamacións mediante arquivo de actuacións por satisfacción extraprocesal refírese tamén neste exercizo, a liquidacións practicadas por IBI nas que se produce a súa baixa ou anulación no tempo que transcorre desde a presentación ata a resolución da reclamación.
- Respecto das resolucións de inadmisibilidade, prodúcense na súa maioría como consecuencia da presentación fóra de prazo das reclamacións, e en moita menor medida, só en dúas delas, por falta de lexitimación ou representación do reclamante.

CADRO III. CLASIFICACIÓN POR CONCEPTOS

	TOTAL RECLAMCIÓNS	%
IBI	28	16,4
IVTM	25	14,7
IIVTNU	10	5,9
IAE	1	0,5
ICIO	1	0,5
TASAS	24	14,3
SANCIÓN S TRIBUTARIAS	67	39,5
SANCIÓN S TRÁFICO	10	5,9
OUTROS	4	2,3



CONCELLO DE OURENSE TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO

- Do cadro III despréndese que a maior parte das reclamacións resoltas corresponden neste exercizo a sancións tributarias derivadas do IIVTNU, seguidas das formuladas por IBI e polo IVTM.
- No concepto taxas inclúense reclamacións referidas fundamentalmente a dous tipos de ingresos tributarios:
 - As taxas por ocupación do dominio público local, principalmente vados.
 - As taxas polo servizo de telefonía móbil prestado por empresas explotadoras de servizos de suministros de interese xeral.
 - En moita menor medida atópanse as referidas o servizo de extinción de incendios e residualmente polo servizo de recollida de basuras.
- No concepto OUTROS recóllense acordos de compensación, solicitudes de suspensión, cuotas de urbanización de Xuntas de Compensación esixidas por vía de constrinximento así como unha reclamación fronte á resolución doutra reclamación previamente presentada.

CADRO IV. CLASIFICACIÓN POR PERIODO DE RECADACIÓN

	TOTAL RECLAMACIÓNS	%
PERIODO VOLUNTARIO	89	52,4
PERIODO EXECUTIVO	81	47,6

O PRESIDENTE DO TRIBUNAL

Luis María Bermúdez de la Puente Villalba